

Rocío Fraga

Concelleira de Igualdade e Diversidade

Nacín na Coruña no ano 1976. Son licenciada en Socioloxía pola UDC, experta en Investigación Acción Participativa, así como en Igualdade e Emprego. A miña traxectoria laboral está vinculada maioritariamente ao terceiro sector en materia de emprego, xestionando proxectos integrais de inserción laboral e como técnica de igualdade e tamén na empresa privada e como investigadora autónoma en temas de formación e emprego e formadora en áreas como as novas tecnoloxías, inserción laboral e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e outros colectivos minorizados e minoritarios e en risco de exclusión social. Tamén estiven vinculada a diferentes movementos sociais, desde o ecoloxismo e o estudantil ao feminismo e outros movementos autónomos como os espazos autoxestionados como ferramentas de acción social.